

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2024 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para cubrir prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución reitoral do 5 de abril de 2024 (DOG do 18 de abril) convocáronse probas selectivas para cubrir corenta e catro (44) prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, pola quenda de promoción interna. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas pola quenda de promoción interna nas citadas probas.

Segundo. Indicar que a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas dispoñen dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poderen emendar os defectos que motivaron a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou a omisión, cubrirase o formulario de emendas do Catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/emendaSelecPersoalLaboral.htm>

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: qax4hfb8-wei3-so59-nxw7-qpvnsue72194

